

Informe sobre a apertura de camiños en solo rústico (interpretación e aplicación do artigo 37.1 da *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia*) (Concello de Vilamartín de Valdeorras – Expediente XCP-22/019).

ANTECEDENTES

1.- Con data 07.07.2022 tivo entrada no Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia (Núm. 2022/1778486) un escrito do Concello de Vilamartín de Valdeorras no que solicita informe sobre a interpretación e aplicación do artigo 37.1 da *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia*, relativo á apertura de camiños en solo rústico, en concreto, respecto da competencia e o procedemento para levar a cabo tal actuación.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA.- Segundo o disposto no artigo 2.1.b) do *Decreto 36/2022, do 10 de marzo, polo que se crea e regula a Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo*, correspóndelle a este órgano consultivo a emisión de informes sobre a aplicación e interpretación da normativa vixente en materia de ordenación do territorio e urbanismo, que sometan á súa consideración as entidades citadas no seu artigo 15, entre as que figuran as entidades locais de Galicia.

SEGUNDA.- O Concello de Vilamartín de Valdeorras conta con Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado definitivamente o 13.12.2013.

De acordo coa disposición transitoria primeira da *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG)*, o planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor desta lei e adaptado á *Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia*, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a ela, consonte as seguintes regras:

[...] " d) *Ao solo rústico, aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo rústico, mantendo, en todo caso, a vixencia das categorías do solo contidas no planeamento respectivo*".

TERCEIRA.- O artigo 37 da *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia* (en adiante, LSG), dispón:

"1. No solo rústico non está permitida a apertura de camiños que non estean expresamente recollidos no planeamento urbanístico ou nos instrumentos de ordenación do territorio, agás no caso dos camiños rurais contidos nos proxectos aprobados pola administración competente en materia de agricultura, de minas, de montes ou de ambiente".

2.- As novas aperturas de camiños deberán adaptarse ás condicións topográficas do terreo, coa menor alteración posible da paisaxe e minimizando ou correxíndose o seu impacto ambiental."

DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

Edificio Administrativo de San Caetano
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 355
sxurbanismo@xunta.gal
www.xunta.gal



En consecuencia, a LSG non permite a apertura de novos camiños non previstos no planeamento urbanístico ou nos instrumentos de ordenación do territorio, exceptuando o suposto dos camiños rurais previstos na planificación sectorial (agricultura, minas, montes e medio ambiente). Por exemplo, entre outros, os plans de xestión forestal ou os plans de prevención de incendios municipais, aprobados pola administración competente, poden, naturalmente, crear novos viarios e accesos, pero estes están condicionados á funcionalidade do plan respectivo para a que foron creados.

CUARTA.- Os camiños públicos teñen a consideración de dotación urbanística, en concreto, unha infraestrutura de comunicación, de conformidade coa definición que da mesma se recolle no parágrafo 3.4 do Anexo I, denominado definicións, do Regulamento da LSG, aprobado polo Decreto 143/2016, do 22 de setembro (en adiante, RLSG):

“a) Infraestruturas de comunicación: aquel uso que comprende o conxunto de infraestruturas destinadas á conexión urbana e á comunicación interurbana tales como viario e aparcadoiros, aeroportos, ferrocarrís, estradas, camiños e infraestruturas relacionadas co transporte individual ou colectivo.

1º Viario: aquel que inclúe o solo necesario para asegurar un nivel adecuado de mobilidade terrestre. Comprende as infraestruturas de transporte para calquera modalidade de tránsito, como son as estradas, os camiños, as rúas e os aparcadoiros.

QUINTA.- O artigo 42.3. da LSG establece que :

“O plan efectuará as reservas de solo para dotacións urbanísticas nos lugares máis axeitados para satisfacer as necesidades da poboación, de cara a asegurar a súa accesibilidade universal, funcionalidade e integración na estrutura urbanística”.

O artigo 70.2 da LSG, relativo ás finalidades dos plans especiais, dispón que:

*“Na ausencia de planeamento xeral municipal, ou **cando este non conteña as previsións detalladas oportunas**, poderán aprobarse plans especiais unicamente coa finalidade de protexer ámbitos singulares, rehabilitar e mellorar o medio rural ou establecer infraestruturas e dotacións urbanísticas, sempre que estas determinacións non exixan a previa definición dun modelo territorial.”*

SEXTA.- Dentro do ámbito urbanístico, para poder incluír un novo camiño público no planeamento urbanístico e cumprir así o requisito previo esixido polo artigo 37 da LSG, o concello tería dúas vías:

- a) A formulación dun plan especial de infraestruturas e dotacións, regulado no artigo 73 da LSG e 183 do RLSG. Na súa elaboración e execución, estarase ao disposto nos artigos 35, 36 e 73 e seguintes da LSG e concordantes do RLSG.



- b) Levar a cabo unha modificación do plan xeral de ordenación municipal, de conformidade co establecido no artigo 83 da LSG e 200 do RLSG.

SÉTIMA.- Non obstante o anterior, cómpre facer mención á lexislación sectorial en materia de estradas, en concreto, á *Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia*, a cal prevé a posibilidade de construír novas estradas ou a modificación das existentes mediante a aprobación de estudos ou proxectos específicos, os cales, unha vez aprobados definitivamente, prevalecen sobre o disposto polo planeamento municipal. Neste suposto, a iniciativa para a promoción da actuación será da administración titular da vía, sexa autonómica ou da deputación.

CONCLUSIÓN

1.- O artigo 37.1 da LSG establece como requisito previo para a apertura dun camiño en solo rústico que estea previsto no planeamento urbanístico ou nun instrumento de ordenación do territorio. Co fin de incluílo no planeamento urbanístico, o concello podería formular un plan especial de infraestruturas e dotacións ou ben unha modificación do plan xeral de ordenación municipal.

2.- A única excepción prevista son os camiños rurais contidos nos proxectos aprobados pola administración competente en materia de agricultura, de minas, de montes ou de ambiente.

3.- O anterior debe entenderse sen prexuízo da aplicación, no seu caso, da lexislación sectorial, en concreto, da *Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia*.

O que se informa, facendo constar a imposibilidade de resolver por vía de informe cuestións relativas a expedientes urbanísticos concretos de competencia municipal e que, de conformidade co disposto no artigo 16 do *Decreto 36/2022, do 10 de marzo, polo que se crea e regula a Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo*, este informe non é vinculante, pero ten carácter interpretativo da norma ou situación obxecto de exame e aplicación.

DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

Edificio Administrativo de San Caetano
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 355
sxurbanismo@xunta.gal
www.xunta.gal

